

Martes, 23 de setembro de 2025

Núm. 181

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

RECTIFICACIÓN DE ERROS DAS BASES ESPECÍFICAS DA OEP 2020-2021-2022 (2ª FASE). EXPTE. 44949/220.

ANUNCIO

RECTIFICACIÓN DE ERROS DAS BASES ESPECÍFICAS DA OEP 2020-2021-2022 (2ª FASE). EXPTE. 44949/220.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de agosto de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.— Rectificar, en base aos antecedentes e fundamentos do presente informe-proposta, o acordo de Xunta de Goberno Local de data 23/08/2024, con respecto a unha serie de erros materiais nas bases específicas e convocatoria dos procesos referidos ás seguintes prazas da 2ª Fase da OEP 2020-2021-2022:

- SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (quenda libre):
- Referidas ao seguinte epígrafe:

*"ANEXO II
EXCLUSIÓN MÉDICAS*

No apartado "1.- Exclusións circunstanciais"

Onde di:

"Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de conductor/a-bombeiro/a."

Debe dicir:

"Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de sarxento/a de extinción de incendios."

- CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (quenda libre):
- Referidas ao seguinte epígrafe:



Martes, 23 de setembro de 2025

Núm. 181

*“ANEXO II
EXCLUSIÓNS MÉDICAS*

No apartado 1.- “Exclusións circunstanciais”

Onde di:

“Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de bombeiro/a.”

Debe dicir:

“Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de cabo de extinción de incendios.”

CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (quenda promoción interna):

Onde di;

“Cuarto exercicio.- Recoñecemento médico , no centro que se lle indique (...)”.

Debe dicir:

“A acreditación da superación do recoñecemento médico realizarase conforme ao exposto nas bases xerais que rexen o proceso, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/ 2024 e publicadas no BOP de Pontevedra en data 03/06/2024 e DOGA do 11/06/2024, concretamente a base xeral Décimo Cuarta”.

- Isto conleva á súa vez a rectificación do cadro recollido no apartado:

“VIII.— Orde de prelación das persoas aspirantes. Distribución da puntuación sobre a base 10”, pasando a ser o correcto o seguinte:

Concurso-oposición						
Concurso				Oposición		
Experiencia	Formación	Titulacións	Lingua galega	Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio
0-4 puntos	0-3 puntos	0-2 puntos	0-1 punto	Teórico	Suposto teórico-práctico	Probas psicotécnicas
0-10 puntos				0-10 puntos	0-10 puntos	apto/non apto
0-30 puntos						

SEGUNDO.— Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

TERCEIRO.— Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben



Martes, 23 de setembro de 2025

Núm. 181

recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

MDG

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O alcalde

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez.

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025).- Patricia Rodríguez Calviño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: WEREHYZZAHQUNU

